

# Configuración da hora do ordenador

- Configuración da actualización (sincronización) da hora do ordenador
  - Configuración en Windows
  - Configuración en Linux


## Configuración da actualización (sincronización) da hora do ordenador

**i** Se o seu ordenador está nun dominio Windows administrado polo ATIC (RECTORADO ou CACTI) non son precisas estas instrucións, a hora do equipo xa se actualiza de xeito automático.

O servizo de sincronización de hora NTP (Network Time Protocol) permite ter sincronizada a hora dun sistema cun servidor central de tempo. De esta forma conséguese unha exactitude de milisegundos na sincronización de hora nunha rede local.

O ATIC proporciona ós usuarios os servidores:

- hora.uvigo.es (193.146.32.73, 2001:720:1214:4200::73)
- hora2.uvigo.es (193.146.32.74, 2001:720:1214:4200::74)
- hora3.uvigo.es (193.146.32.243)
- hora4.uvigo.es (193.146.32.244)



A continuación indicase cómo configurar o servizo de hora en Windows e Unix.

## Configuración en Windows

A hora do sistema pode ser sincronizada cun servidor NTP executando dende unha ventana de comandos a instrución que se indica a continuación. Isto sincronizará o servidor cun servidor de hora (basta con executar esta orde unha vez o propio Windows seguirá a manter a sincronización de hora. A instrución a executar é:

```
★ @
net time /SETSNTP:hora.uvigo.es

C:\WINDOWS\system32\cmd.exe
C:\>
C:\>
C:\>
C:\>
C:\>
C:\>
C:\>net time /SETSNTP:hora.uvigo.es
Se ha completado el comando correctamente.

C:\>_
```

## Configuración en Linux

Para distintas versiones de Unix o programa de sincronización de hora, ntpd ou xntpd, ven coa distribución estándar do sistema.

Ó mesmo tempo soen incluir un programa, ntpdate, para axustar manualmente a hora do sistema. Normalmente son paquetes separados (ntpdate e ntp en Debian, por exemplo).

A ubicación dos arquivos de configuración varía segundo o sistema operativo empregado, aínda que as mais habituais son /etc/ntp.conf ou /etc/ntp/ntp.conf


O arquivo de configuración ntp.conf ten un aspecto semellante ó seguinte, no que se indica coma único servidor hora.uvigo.es (as ubicacións dos arquivos de log pode variar):

## /etc/ntp.conf

```
logfile /var/log/ntpd
driftfile /var/lib/ntp/ntp.drift
statsdir /var/log/ntpstats/

statistics loopstats peerstats clockstats
filegen loopstats file loopstats type day enable
filegen peerstats file peerstats type day enable
filegen clockstats file clockstats type day enable

#
# Restrinxe acceso o servidor NTP
# E moi importante xa que NTP pode mostrar informacion
# de configuracion do servidor
# Loopback -> accesos totais
#
# Da permisos a localhost
restrict 127.0.0.1
# Non permitir consultas desde IPv4
restrict -4 default kod notrap nomodify nopeer noquery
# Non permitir consultas desde IPv6
restrict -6 default kod notrap nomodify nopeer noquery
#
# Servidores locais NTP UVIGO
#
server hora.uvigo.es iburst
server hora2.uvigo.es iburst
server hora3.uvigo.es iburst
server hora4.uvigo.es iburst
```

 É importante restrinxir o acceso ó servidor NTP como se indica para que non se poda consultar dende o exterior do propio equipo, evitando de este xeito posibles problemas de seguridade.